

OBRADOIRO

PROGRAMANDO EN ENTORNOS 3D

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



MONITOR: José Manuel Rodríguez Sobral (Profesor de programación e deseño asistido por ordenador e Técnico en reparación e mantemento de ordenadores)

OBXECTIVO XERAL:

A través do uso dunha serie de programas de fácil manexo as nenas e nenos serán quen de deseñar as súas propias historietas e animacións, recrear as súas fantasías a través da creación de videoxogos ou elaborar pequenos vídeos que compartir a través da rede. A medida que as nenas e nenos crean e comparten proxectos, interiorizan conceptos matemáticos e de computación, ó mesmo tempo que se fomenta a súa **creatividade**, o **razoamento sistemático** e aprenden a **traballar en colaboración** coas súas compañeiras e compañeiros.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:

O obradoiro vaise desenvolver entorno ós seguintes programas informáticos:

Scratch é unha linguaxe de programación visual que facilita a creación de historietas interactivas, animacións, xogos, música e arte.

Con **Kodu Game Lab** as nenas e nenos poden crear xogos en tres dimensións de maneira visual. Foi deseñado para ensinar a programar con tres conceptos eixo: creatividade, resolución de problemas e narrativa.

Alice é un software de programación 3D que permite, dunha forma sinxela, crear animacións para contar una historia (storyboards), xogar a un xogo interactivo ou crear un vídeo e compartilo en Internet, co obxectivo de introducir ás/ós xoves dunha forma máis intuitiva e motivadora no mundo da programación orientada a obxectos. **Alice** permite aprender conceptos fundamentais de programación dentro dun contexto de creación de películas animadas e sinxelos videoxogos.

ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:

Páxina do *Observatorio Tecnolóxico* do Ministerio de Educación sobre estes programas

<http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ca/software/programacion/593-rafael-alba>

Características do programa **Scratch**, titoriais, etc. en:

<http://www.mundoeduca.es/scratch/index.htm>

Para consultas sobre o programa **Kodu Game Lab**:

<http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/es/software/software-general/779-kodu-aprendiendo-a-programar-nuestros-propios-juegos>

Nas seguintes páxinas podedes atopar notas e estudos sobre **Alice**:

<http://www.neoteo.com/alice-aprende-a-programar-con-objetos>

http://www.revistaciencia.uat.edu.mx/investigacion.php?subaction=showfull&id_fixed=1345141581&archive=&start from=&ucat=3&